

MALVA MELLOR

Somos malva mellor, unha empresa de téxtil que busca, coa súa campaña publicitaria, promover a igualdade nas xeracións máis novas.

Somos unha marca de creación recente, sendo o 27 de maio de 2020. A idea desta empresa naceu coma un soño. Dende o instituto, somos un grupo de persoas apaixonadas da moda, da inclusión e da sostibilidade. Malva mellor ao principio só era un concepto pequeno que foi medrando lentamente nas nosas mentes, deseñamos o logotipo, a imaxe de empresa, e mesmo algúns bosqueños de prendas! Aínda así a marca estaba moi lonxe de ser realidade. Ao rematar o instituto os nosos camiños separáronse, mais seguíamos coa espiña de malva mellor cravada. Co tempo a unha de nós presentóusenos a oportunidade de crear a súa propia empresa, e o resto acudimos a un reencontro no que o soño de instituto se comezou a volver real. A paixón de cumprir o noso soño e traballar no que nos apasiona, é o que nos impulsa a seguir dando o máximo. Traballamos moi duro para sacar este proxecto adiante, e estamos moi agradecidas pola oportunidade que se nos presentou, e porque malva mellor medre cada día. Por iso estamos decididas a seguir loitando e superar os obstáculos que se nos presenten, confiamos no noso proxecto, e queremos seguir medrando, xerando bos postos de traballo e facendo un mundo mellor.

Os nosos obxectivos con esta campaña son promover a igualdade ao mesmo tempo que a moda sostible. Máis concretamente, o que pretendemos con respecto á igualdade é tanto promover a non discriminación, como ofrecer un bo posto de traballo na nosa empresa a persoas que poden ter complicacións para isto, xa sexa por discapacidade física ou psíquica ou por algún outro factor.

Queremos dirixir a nosa campaña a un público xove, polo que os anuncios serán publicados nas redes sociais: tanto Tik Tok, como Instagram e ata Youtube. Isto para presentarlles a posibilidade de cambiar as cousas e facer un mundo máis xusto dende o comezo, e que esta mensaxe perdure no tempo ao transmitirllo ás vindeiras xeracións. Así pois, agardamos unha resposta positiva por parte do público e ademais de, por suposto, mercar os nosos produtos, captar a mensaxe que queremos transmitir e provocar un cambio social.

A nosa empresa produce roupa de maneira sostible, con cultivos ecolóxicos de algodón, liño etc, e utilizando fibras sintéticas o menos posible. Ademais disto utilizamos materiais reciclados e incluso se lle ofrece a posibilidade aos compradores de doar a roupa que non queiran para reutilizala ou aproveitar o tecido e vendela, dándolle unha segunda vida. Pretendemos así reducir ao máximo os residuos producidos durante a fabricación das prendas. Outro obxectivo é, concretamente nesta campaña, a visibilización de diferentes colectivos como poden ser as persoas con capacidades diferentes, as persoas lgtb etc.

Queremos axudar a estas persoas a conseguir un bo traballo, cando poden ter problemas para isto e tamén concienciar á sociedade sobre as desigualdades que existen nestes campos e así facer a súa situación máis xusta.

A nosa campaña e a nosa empresa en xeral está moi comprometida cos obxectivos de desenvolvemento sostible, relacionándose concretamente coa busca de igualdade de xénero, a de traballo decente e crecemento económico, coa redución das desigualdades,

coa produción e consumo responsables e coa acción polo clima. Ademais temos o valor engadido de querer corrixir a afección negativa que se lle está dando ao feminismo, confundíndose coa busca de poñer á muller por enriba do home, e tamén visibilizar outros grupos que non se adoitan ter en conta.

Para comezar co noso deseño de campaña, temos dous logotipos que simbolizan a nosa empresa. O primeiro consiste nun corazón que se pode interpretar coma unha eme, inicial das dúas palabras que forman o noso nome, e sería utilizado para identificar as nosas prendas. O segundo tería tamén forma de corazón, (isto por suposto como símbolo de amor e igualdade) pero neste caso tería o nome da marca escrito no seu interior, e será utilizado nos nosos carteis publicitarios, anuncios en vídeo e ata en guifs.

O noso slogan conterá o propio nome da marca, sendo este: O malva séntanos mellor. Isto facendo referencia á cor da igualdade e por tanto aos valores que defendemos na nosa empresa, ademais de dicir que nos senta mellor, referíndose a vestir as nosas prendas e relacionando os dous conceptos. A idea que queremos transmitir é que aqueles que vistan coa nosa roupa están dalgunha maneira favorecendo a igualdade e a iso nos referimos co “mellor”, que ao final é dar unha visión positiva do que é a nosa marca. En canto á creación lingüística en si mesma, creamos unha sorte de aliteración co son da eme no nome da marca, facéndoo atractivo para o público, ou mesmo divertido.

Nesta campaña publicitaria, a historia que queremos contar é a dun mundo gris no que as plantas están murchas e a xente é fortemente discriminada por diferentes motivos. Neste mundo centrámonos nun rapaz coxo que non quere saír á rúa por medo aos comentarios das persoas de gris. Un día chuvioso este rapaz ten que saír da casa ao súper, e crúzase coa outra protagonista: a moza de malva, sempre que a diferencia do resto do mundo, ten cor (o malva) e sorrí. Esta rapaza ten estrabismo, polo que non ve moi ben, e tamén é discriminada pola xente de gris, pero ela procura ver a vida de maneira positiva e ignorar os comentarios. No seu encontro baixo a chuva a moza de malva déixalle o seu paraugas ao protagonista, facendo que este se volva malva tamén. Mentres o rapaz coxo, agora cun sorriso, camiña pola rúa, vai tinguindo todo de malva, e pásalle o paraugas a outra persoa. A cor vaise expandindo pola cidade e mesmo as plantas reviven con flores de cor malva. Ao final a moza de malva volve recibir o paraugas e péchao ao ver que xa non chove. Volve atoparse co rapaz coxo, míranse con ledicia e camiñan xuntos por un mundo diferente.

Ademais deste anuncio, na nosa campaña queremos deseñar cartelaría para promocionar a nosa marca, isto con papel reciclado. Tamén nos gustaría facer algunha colaboración con influencers para visibilizar a nosa marca e dar a coñecer a nosa mensaxe. Con todo, unha das partes principais da campaña é a nosa colección para “o malva séntanos mellor” na que todas as prendas serán de diferentes tons de malva ou contarán con partes desta cor. Isto é un acontecemento insólito nunha marca de roupa, pois ao limitar a paleta de cor pechámonos a moitas posibilidades, e con isto pretendemos que a prensa de moda e os medios de comunicación poñan o punto de mira na nosa campaña, e na nosa empresa.